

# **RESUMO DA PROGRAMACIÓN**

## **CURSO 2021-2022**

**CENTRO: IES FENE**

**CURSO: 3ºESO**

**MATERIA: Música**

**DEPARTAMENTO: Música**

### **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE-3ºESO Música**

<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>GRAO MIN</b>	<b>BLOQ</b>
Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, notas adicionais, clave de fa en cuarta, duración das figuras, matices, indicacións rítmicas e de tempo, etc.)	<b>2</b>	<b>1</b>
Recoñece, comprende e analiza tipos de textura	<b>2</b>	<b>1</b>
Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais	<b>2</b>	<b>1</b>
Amosa interese polo coñecemento ea aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos	<b>2</b>	<b>1</b>
Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz	<b>2</b>	<b>1</b>
Practica a relaxación, a respiración, a resonancia e a entoación	<b>2</b>	<b>1</b>
Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel	<b>2</b>	<b>1</b>
Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público	<b>2</b>	<b>1</b>
Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas	<b>2</b>	<b>1</b>
Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras	<b>2</b>	<b>1</b>
Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel	<b>2</b>	<b>1</b>

Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego	2	1
Amosa respecto e apertura cara ás propostas do profesor e dos compañeiros	2	1
Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e a outros intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo	2	1
Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitude de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa	2	1
Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas	2	1
Investiga de forma creativa acerca de las posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros	2	1
Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música	2	2
Le e analiza partituras como apoio á audición	2	2
Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición	2	2
Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas	2	2
Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas	2	2
Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas utilizando diferentes linguaxes	2	2
Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical	2	2
Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade	2	2
Expresa contidos musicais e relaciónaos coas épocas da historia da música e con outras disciplinas	2	3
Recoñece e interpreta manifestacións de danzas, identificando con linguaxe técnica apropiada a época histórica á que pertencen	2	3
Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia	2	3
Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición	2	3
Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes	2	3
Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais	2	3
Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade	2	3
Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais	2	3
Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral, con rigor e claridade	2	3

Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular e realiza unha visión crítica desas producións	2	3
Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias	2	3
Coñece algunha das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical	2	4
Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías	2	4
Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical	2	4

<b>Grao de consecución dos estándares de aprendizaxe (Táboa)</b>
Responde de forma totalmente errónea /realiza a práctica ou actividade de forma totalmente errónea ou non a realiza 0
Explica con erros, identificando poucos elementos e a relación entre eles. / Realiza as prácticas ou actividades pero ten bastantes fallos en bastantes delas. / Ten dificultades para comprender os conceptos e non escolle axeitadamente a maioría das estratexias para aprendelos. 1
Explica de forma algo incompleta pero válida. / Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas. / Comprende os conceptos ou actividades de forma algo incompleta pero válida e a maioría de estratexias empregadas son válidas. / Práctica aceptable.2
Explica de forma axeitada case todo identificando os elementos importantes e as súas relacións. / Resolve correctamente todas as actividades. / Comprende os conceptos e procedementos e emprega as estratexias axeitadas para aprendelos e resolvelos. É capaz de realizar a práctica sen cometer erros importantes. 3
Destaca pola súa excelente explicación / comprensión / resolución / execución práctica. 4

### **Cráterios de cualificación 3ºESO- Música**

A avaliación inicial será unha proba meramente informativa. Sen ningún peso na cualificación do alumno. Todo o progreso dos alumnos, notas de clase, intervencións orais, participación activa na clase práctica, actitude cara á materia...etc, apuntarase no caderno do profesor podendo modificar a nota final sempre para subila e soamente para redondear décimas.

Nos exames teóricos non se puntuarán as respostas mal redactadas, onde os conceptos non estean claramente explicados, ou que non se entenden pola mala caligrafía. O alumno que sexa sorprendido pola profesora copiando (sa sexa falando cos compañeiros ou copiando de papeis ou do móbil), quedará inmediatamente suspenso no exame, tendo que ir a unha proba final con toda a materia, obrigatoriamente.

O exame práctico farase nas datas marcadas con anterioridade pola profesora, e non poderá repetirse. As notas do exame práctico se explican antes de realizar cada unha das partes e é o alumno o que decide que parte toca, sendo consciente das puntuacións que pode acadar. No exame práctico valoraranse aspectos como o ritmo, a medida e o son da melodía, a entoación, a actitude, a habilidade de coordinarse co resto, a sincronización, o non ter erros, que o alumno sexa capaz de tocar sen parar... Os agrupamentos dos alumnos á hora de facer o exame práctico son aleatorios, e dependerán da profesora, que intentará que queden compensados.

O exame final práctico é o festival de fin de curso. Polo tanto este festival é **obligatorio** para todo o alumnado, sendo unha parte moi importante da nota final (ordinaria). No caso de que algún alumno non se presente ao mesmo e non teña unha xustificación para iso, quedará coa materia suspensa, independentemente das notas que teña durante o curso.

En cada avaliación os alumnos realizarán normalmente, tres exames. Dous exames teóricos con conceptos básicos da historia da música vistos en cada avaliación e un exame de audicións. As preguntas serán indicadas con anterioridade e explicadas pola profesora e no momento do exame terán a súa puntuación reflexada na folla. As audicións serán entregadas gravadas nun pen ao principio de cada avaliación, así como os datos das mesmas que teñen que estudar. Cada exame puntuarase sobre 10. Nas primeira e segunda avaliación a nota sae da suma da nota destes exames teóricos dividida entre tres.

Na terceira avaliación farase un exame teórico en un exame de audicións que puntuarase sobre 10 cada un deles, e varios exames prácticos (do que se fixera no curso en práctica). Os exames prácticos farase individualmente ou en grupo (sempre que os alumnos realicen diferentes voces). O alumno examinarase de todas as prácticas vistas no curso e cada unha de elas puntuarase sobre dez, e despois dividirase entre o número de prácticas. A nota da terceira avaliación sae da suma da nota media dos exames teóricos sumada á media da práctica e dividida entre dous. Na primeira, segunda e teoría da terceira avaliación (se da tempo) hai exames de recuperación dos exames teóricos cos contidos mínimos e realizaranse despois da entrega de boletíns. Estes exames non baixan a media, só poderán subila e serán obrigatorios para os alumnos con menos nota dun 4 nesa avaliación. Para os alumnos de 4 ou máis que non chegan ao 5, serán voluntarios.

**A materia aprobarase se a suma da nota das tres avaliacións dividida entre tres é 5,** (sempre que o alumno participe no festival de fin de curso). O Festival de fin de curso é **obligatorio** e unicamente sube a media final dos alumnos (pode subir ata 1 punto máximo, a media final, na avaliación ordinaria). A profesora poderá reservarse o aprobar a alumnos que teñan unha media das tres avaliacións de 3.85 ou máis, pero que non chegan ao 5. Para iso poderá basearse nas notas do seu caderno e da observación da participación do alumno no festival. Os alumnos que non cheguen a 5 na media final das tres avaliacións poderán recuperar as partes suspensas teóricas e facer unha proba de cada avaliación ou de toda a materia no intervalo de tempo anterior a avaliación ordinaria.

### **ESCENARIO DE SEMIPRESENCIALIDADE (3ºESO)**

Os estándares, contidos, a avaliación e a cualificación, serán exactamente os mesmos que en situación de normalidade e presencialidade. Aproveitando as clases online, para explicacións de tarefas e traballos e aproveitando as clases presenciais no instituto para facer as prácticas musicais e os exames tanto teóricos, prácticos como os de audicións. Todos os traballos a realizar, os apuntes, as audicións, e demais recursos, estarán colgados en Moodle.

### **ESCENARIO NON PRESENCIAL (3ºESO)**

Os contidos da materia reduciríanse. Os contidos imprescindibles son os que están marcados en vermello na programación. Traballar esta materia dende casa, fai que cambie a maneira de avaliar, xa que é unha materia que se basea no grupo. Todos os recursos, estarán colgados en Moodle. Os exames teóricos poderán transformarse en traballos para expor nas clases telemáticas e actividades realizadas polos alumnos nas distintas plataformas como Genially. É posible que se fagan probas escritas online (exames). Esta nota da parte teórica e audicións tería a mesma porcentaxe que ten na nota final nos distintos cursos en cada avaliación. Os exames prácticos faranse individuais na casa e se enviarán gravados. Seguirán o mesmo criterio de cualificación que na programación presencial e terán a mesma porcentaxe na nota final. A nota final da materia sairá da media das tres avaliacións e deberá ser igual ou superior a 4.5 para poder superala.